



PLAN DIXITAL

CEIP AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Tipo de Centro.....Colexio de Educación de Infantil e Primaria.
Denominación oficial..... Aquilino Iglesia Alvariño.
Código do Centro.....27000010
Situación.....Abadín
. Enderezo.....Praza do Concello, s/n.
Código Postal.....27730
Teléfono e Fax.....982870044/870045
Correo.....ceip.aquilino.iglesia@edu.xunta.gal
Páxina web.....<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipaquilinoiglesia/>
N.I.F.Q - 7755028C

Este centro conta con 5 unidades. Dúas de Educación Infantil e tres en Educación Primaria; contando cun total de 60 alumnos/as. O claustro componse de 11 mestres/as.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *O CEIP Aquilino Iglesia Alvariño, atópase situado na comarca da Terra Chá. A súa situación xeográfica fai que se atope a media distancia dos núcleos de poboación máis importantes. Ocupa unha extensión de 196 km² e dista 49,8 km a Lugo e 105,4 á Coruña. Ten unha poboación de cerca de 2559 habitantes (2016), que se reparten entre as dezanove parroquias, incluído Abadín que forman o municipio. Na mesma localidade non existen ningún outro colexio, nos últimos anos procedeuse o peche do Colexio de Moncelos por falta de alumnado. As principais actividades económicas da poboación están relacionadas co sector do turismo, xa que ao longo de determinados meses do ano, chega unha grande afluencia de peregrinos ó ser esta localidade pola que discorre o Camiño de Santiago, o que supón unha fonte de ingresos para o concello en xeral, xa que o nivel socio-económico é medio-baixo. Outro sector vital na zona, son as pequenas empresas de viveiros e queixerías.*
- *O centro conta co programa Edixgal dende o curso 2020-21, así como un PFPP de dous anos de duración orientado a formación do profesorado neste ámbito. Ademais, varios*

dos mestres do claustro realizaron formación a través de cursos do CFR relacionados coa plataforma, así como con ferramentas externas aplicables dentro deste programa.

- *En canto a infraestruturas dixitais hai aínda moita marxe de mellora, como se demostrou coa recente pandemia, que descubriu moitos problemas de conectividade de moitas familias e que cobraron crecente importancia que antes non se lles outorgaba. En xeral as conexións a Internet dos núcleos urbanos son mellores cás dos rurais, aínda que recentemente existen plans de mellora e extensión de fibra por moitos puntos da área de influencia principal do centro que agardamos poidan contribuír nun futuro próximo a unha mellor conectividade.*

Tendo en conta esta situación, e tamén que a finalidade do centro é formar ao alumnado e axudalo a desenvolverse na sociedade na que vive, o presente Plan Dixital trata de achegar accións de mellora no ámbito da competencia dixital, polo que tamén debe estar integrado noutros documentos como o Proxecto Educativo do centro, complementándoos e servindo, ademais, como instrumento para a reflexión e a mellora. O Plan Dixital e outros plans e programacións a desenvolver no centro deberán ser totalmente compatibles e complementarios. Un exemplo importante é a Programación Xeral Anual do curso vindeiro 22/23, que terá en conta o presente Plan Dixital

1.3. Breve xustificación do mesmo

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de Dinamización reuniuse para a elaboración do DAFO logo de analizar os resultados do Selfie e dos test CDD, e a continuación, en función do reflectido no DAFO, elaborouse o Plan de Acción coa axuda de todo o claustro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *O centro conta cunha conexión de aproximadamente 500MB de descarga e 100MB de subida de datos. Existen puntos wifi en todas as dependencias que dan servizo a todo o edificio, así como varios puntos de toma de rede na aula de informática, biblioteca e sala de mestres.*
- *O equipamento dispoñible é o seguinte:*
 - *Equipos Edixgal en 5º e 6º de primaria con carro cargador e pizarra dixital.*
 - *Ordenadores na sala de informática (8) xunto cunha pizarra dixital.*
 - *Tablets ubicadas na biblioteca (8) que se poden empregar en calquera das aulas.*
 - *4 equipos na sala de mestres, 2 adicados a dirección/secretaría e 2 para o uso do profesorado.*
 - *PC e pizarra dixital en cada unha das aulas de E.I.*
 - *Portátil en todas as aulas de primaria e especialidades (música e inglés) ademais, contamos con proxector en todas elas.*
- *Servizos dixitais educativos: O centro conta con Edixgal, unha páxina web actualizada que funciona correctamente subindo información e actividades relacionadas co centro. Unha rede social (instagram), un blogue: afragadotrasno.blospot.com , así como outras plataformas (Class Dojo) e abalarmóbil que se usa moi amiúdo para as comunicacións coas familias. Ademais, o centro participou e participa en varios plans proxecta, entre os que se encontran o Incluet e o Aliméntate ben.*
- *A xestión e mantemento dos equipos lévase a cabo dende o equipo TIC, xunto con algunha empresa externa e a axuda en canto a actualizacións e xestión de problemas por parte da UAC e do servizo premium Edixgal.*
- *Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.*
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaquilinoiglesia/?q=node/236>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaquilinoiglesia/?q=node/237>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderazgo	Equipo	2,6				
	Profesorado	4				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo	1,3				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	3,8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo	2,8				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	4,6				
D- Desenvolvemento	Equipo	3				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo	2,8				
	Profesorado	4,3				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación	Equipo	2				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	3,9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo	2				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do	Equipo	1,2				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	3,8				

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	6	100%
PROVISIONAL	3	3	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	0	2	0%
OUTROS	1	2	50%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia	Nivel de competencia en
--------------------------------------	----------------------	-------------------------------------	-------------------------

		(sobre 192)	Galicia
75,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	70,4	Integrador/a(B1)	66,2	Integrador/a (B1)
PRIM	85,6	Integrador/a(B1)	77,3	Integrador/a(B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0 %
A2	6	54,5%
B1	2	18,2 %
B2	2	18,2 %
C1	1	9,1%
C2	0	0 %
TOTAL	11	100 %

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Existencias de tablets na biblioteca. Equipos Edixgal en 5º e 6º. Pizarras dixitais en infantil e 5º e 6º. Proxectores en todas as aulas, así como ordenadores portátiles. 2 equipos na sala de mestres	Limitación de espazos o que fai que a ubicación da aula de informática non sexa a idónea. Necesidade de actualizar equipos da aula de informática e biblioteca. Fallos na conexión wifi nalgunha

	conectados coa impresora.	das aulas.
PERSOAL DOCENTE	<p>Creación de materiais dixitais para usar na aula por parte de compañeiros (genially, presentacións en canva, etc)</p> <p>Interese pola mellora das infraestructuras tecnolóxicas e a dotación de material.</p>	<p>Falta de uso de ferramentas dixitais para realizar a avaliación. Nivel baixo da maioría do profesorado en canto a formación tecnolóxica.</p>
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<p>Motivación de cara ao uso de calquera recurso tecnolóxico. Rápida adaptación ao emprego destas ferramentas. Capacidade de aprender a aprender con estes materiais.</p>	<p>Existencia de alumnado vulnerable en canto ao acceso a recursos tecnolóxicos (fenda dixital).</p>
FAMILIAS	<p>Motivación de cara ao uso de calquera recurso tecnolóxico. Rápida adaptación ao emprego destas ferramentas. Capacidade de aprender a aprender con estes materiais.</p>	<p>Medo ao cambio metodolóxico que supón o uso de ferramentas como o libro dixital. Heteroxeneidade na formación dixital das familias.</p>

	OFERTA	Variedade de cursos formativos ofertados polo CFR.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Interés pola creación de grupos de traballo relacionados coas ferramentas dixitais. Dende a dirección do centro impúlsase o traballo dixital. Proposta de solucións para resolver dificultades a nivel dixital.	Sen organización en canto a participación en proxectos cun carácter dixital (digicraf, espazos maker, realidade aumentada, etc)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A rede de atención a centros é rápida e eficaz.	Alto cargo de traballo burocrático que reduce o tempo a adicar a outras tarefas. Obligatoriedade de usar software libre co cal o profesorado non está familiarizado.
	LEXISLACIÓN	Existe un marco lexislativo que serve de guía ou referencia.	Necesidade de actualizar a lexislación acorde aos avances informáticos.
	CONTORNA	Institucións próximas que ofrecen a posibilidade de colaborar	Concello moi disperso a nivel de poboación e cunha mala

	dixitalmente. Colexios próximos que permiten o traballo por proxectos interdisciplinares. Interacción dixital entre o alumnado de distintos centros.	conectividade.
ANPA	A ANPA serve como rede de contacto con outras institucións.	Concello moi disperso a nivel de poboación e cunha mala conectividade.
OUTRAS ENTIDADES	Colaboración con empresas tecnolóxicas que ofertan o seu material a modo de proba para poder empregalo nun futuro.	Necesidade de contar cun presuposto para ser invertido en recursos e materiais.

3. Plan de Acción.

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

Obxectivos, indicadores e accións

Os nosos obxectivos están enmarcados dentro de tres áreas de mellora:

- Infraestrutura e equipos.
- Desenvolvemento profesional continuo.
- Colaboración e redes.

OBXECTIVOS:

- Actualizar equipos da aula de informática.
- Revisar a conectividade dos puntos WIFI das distintas estancias do centro.
- Accesibilidade ás pizarras dixitais de EI e substitución da pizarra da aula de inglés.
- Reubicar a pizarra dixital da aula de informática.
- Aumentar a participación do profesorado en proxectos dixitais.
- Impulsar a páxina web do centro.

INDICADORES:

- Número de ordenadores que se poidan actualizar ou que haxa que substituír porque xa están obsoletos.
- Comprobar que os puntos WIFI emiten sinal correctamente.
- Dúas pizarras que deben ser reaxustadas en altura para o alumando de EI e arranxar ou cambiar unha pizarra que non funciona tactilmente na aula de inglés.
- Reubicar a pizarra dixital da aula de informática.
- Realizar un proxecto de croma.
- Evolución da páxina web.

3.1. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- 6 equipos na aula de informática para que cada alumno teña dispoñible un pc sen necesidade de compartir equipo, mellorando o tempo de traballo e a autonomía.
- 4 pizarras dixitais, 2 para as aulas de 1º/2º e 3º/4º de primaria, xa que neste momento non contan con elas. 1 para a aula de inglés e 1 para a aula de música. Todas elas para poder traballar co alumando de xeito máis dinámico e que estes poidan realizar tarefas e xogos educativos de forma activa e interactiva na aula.
- Material audiovisual: cámara de fotos e ou video, trípode, etc para poder realizar un proxecto de croma.
- 1 pizarra dixital na biblioteca que permita a lectura de contos dixitais e o apoio con imaxes en actividades como a visita de autores ou contacontos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos.						
OBXECTIVO 1:	Actualizar equipos da aula de informática.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de ordenadores que se poidan actualizar ou que haxa que substituír porque xa están obsoletos.					
Valor de partida	8 ordenadores.					
Valor previsto e data	10 ordenadores actualizados.			Curso 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Revisar todos os equipos da aula para ver cales necesitan ser actualizados ou substituídos.	Coordinador TIC	Primeiro trimestre	Non se precisan	Os equipos foron revisados.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Actualizar sistema operativo dos equipos.	Coordinador TIC	Segundo trimestre	Persoal enviado por Amtega	Os equipos foron actualizados.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Repoñer os equipos necesarios e instalalos na aula de informática.	Coordinador TIC e equipo directivo.	Terceiro trimestre	Orzamento para a adquisición de equipos informáticos.	Os equipos foron adquiridos e instalados.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos.						
OBXECTIVO 2:	Revisar a conectividade dos puntos wifi das distintas estancias do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe do departamento de orientación.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Comprobar que os puntos emiten sinal correctamente.					
Valor de partida	Erros na conectividade dos equipos portátiles do centro.					
Valor previsto e data	Cero erros de conectividade.			1º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Revisión dos puntos wifi instalados das distintas dependencias do centro.	Xefe do departamento de orientación e coordinador TIC.	1º trimestre	Persoal de Amtega.	Os puntos wifi foron avaliados e revisados por persoal cualificado e habilitado para tal fin.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos.						
OBXECTIVO 3 :	Accesibilidade ás pizarras dixitais de educación infantil e substitución da pizarra da aula de inglés.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Dúas pizarras de infantil que deben ser reaxustadas en altura e arranxar ou cambiar unha pizarra que non funciona tactilmente na aula de inglés.					
Valor de partida	Dúas pizarras non axustadas e unha que non funciona tactilmente.					
Valor previsto e data	Axuste das dúas pizarras e substitución da pizarra que non funciona.			Primer trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Axustar en altura as pizarras dixitais das dúas aulas de infantil.	Coordinador TIC	Primeiro trimestre	Persoal técnico cualificado	As pizarras foron colocadas a altura axeitada para poder ser usadas polo alumnado.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Sustituír a pizarra da aula de inglés que non funciona tactilmente.	Coordinador TIC	Primeiro trimestre	Persoal técnico cualificado e orzamento.	A pizarra funciona correctamente.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos.						
OBXECTIVO 4:	Reubicar a pizarra dixital da aula de informática.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Pizarra case sen uso que pode ter mellor funcionalidade noutro espazo.					
Valor de partida	Pizarra na aula de informática.					
Valor previsto e data	Pizarra na biblioteca.			Segundo trimestre.		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Reinstalar a pizarra de informática en biblioteca.	Coordinador TIC	Segundo Trimestre	Persoal técnico cualificado. Orzamento.	A pizarra foi instalada na biblioteca e está funcionando correctamente.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo.						
OBXECTIVO 5:	Aumentar a participación do profesorado en proxectos dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do plan dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Realizar un proxecto de croma.					
Valor de partida	0 Proxectos dixitais					
Valor previsto e data	1 proxecto dixital realizado			Curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Obter o material necesario.	Coordinador do plan dixital.	Primeiro trimestre	Cámara de fotos/video, trípode, tela de croma...	O material foi adquirido.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Buscar unha ubicación para colocar a tela de croma e o equipo de video.	Coordinador do plan dixital.	Segundo trimestre.	Aula cunha parede axeitada que permita colocar a tela e ter espazo suficiente para as gravacións.	A tela foi colocada.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3. Realización dun proxecto en croma.	Coordinador do plan dixital e claustro de mestres.	Terceiro trimestre	Material audiovisual	O proxecto foi realizado e subido a páxina web do centro.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Colaboración e redes.						
OBXECTIVO 6:	Impulsar a páxina web do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Titor/a de primaria.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Evolución da páxina web.					
Valor de partida	Unha publicación ao mes na páxina web.					
Valor previsto e data	Aumentar o número de publicacións ao longo do curso (2 ou 3 ao mes)			Curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Creación de entradas empregando diversas aplicacións.	Todo o claustro	Todo o curso	Software e hardware necesario.	Farase unha valoración polos membros do claustro.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación de varios Class Dojo por aula.	Todo o claustro	1º Trimestre	Software e hardware necesario	Intentarase crear os class dojo de cada aula polos propios titores que serán axudados polo responsable do obxectivo.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Realizaranse reunións trimestrais por parte do equipo de dinamización do Plan Dixital. Nelas e no contexto da avaliación procesual, valorarase:

- Estado da execución das accións.
- Análise e valoración dos resultados.

Isto quedará recollido nunha acta de reunión, na cal de ser o caso, se recollerá tamén as posibles modificacións e propostas de mellora, xa que no caso de non acadar os obxectivos e accións do plan, deberanse aplazar para os vindeiros meses.

Ao final de curso, e como avaliación final, realizarase unha valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O plan estará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro, dándolle difusión entre todos os membros tanto do claustro como das familias. Preténdese que este sexa un documento vivo, ao cal todo o mundo poda aportar ideas e traballar de xeito conxunto e coordinado, para acadar os obxectivos que en el se expoñen.